



1º e 2º de Primaria

Día das letras galegas 2015

GRUPO DE TRABALLO «LITERATURA E FILGUEIRA VALVERDE NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS»

Ares García, Lorena
Barca Gómez, Marta
Cernadas García, Ana M^a
Domínguez Pérez, Luísa
Facal Traba, M^a del Carmen
Guitián Valeiro, Francisco
Herrero Mayor, Armando Xosé
Pedrosa Moreno, Julio
Santiso Andrade, Paz
Suárez Hermida, Mario Ramón

GRUPO DE TRABALLO «FILGUEIRA VALVERDE NA REDE. LETRAS GALEGAS, 2015»

Aguilar Amigo, M^a Luísa
Barca Gómez, María
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Hortas González, Isabel
López Gabín, Raquel
Ojea Montes, María Pilar
Picado Rodríguez, José Antonio
Rodríguez Rodríguez, Carlos
Romero Olveira, Fátima
Vázquez Lorenzo, M^a Belén

COLEXIOS PARTICIPANTES

CEIP A.D.R. Castelao, de Ordes
CEIP Anxo da Garda, da Coruña
CEIP Eduardo Pondal, de Ponteceso
CEIP Eusebio da Guarda, da Coruña
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP María Pita, da Coruña
CEIP Milladoiro, de Malpica
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Pardo Bazán, da Coruña
CEIP Sal Lence, da Coruña
CEIP W. F. Flórez, de Cambre
CPI Plurilingüe O Cruce, de Cerceda

ASESORÍA PEDAGÓXICA

Alberto Huerga Carnicero
José María Varela Martínez

MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Manuel Paz Anido (www.edugaliza.org)

AGRADECEMENTOS

Á Real Academia Galega, á Fundación Filgueira Valverde, á familia de Xosé Filgueira Valverde, a Carlos Gallego Domínguez e a María Bao Fente pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



EDITA

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do
CEIP Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)
www.seminariogalan.org



Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu na cidade de Pontevedra en outubro de 1906.

Os seus pais foron Araceli e José María, médico en Pontevedra.


Os seus primeiros estudos, os de primaria e bacharelato, realizounos na mesma cidade de Pontevedra.

Anos despois foi estudar á Universidade de Santiago de Compostela.

Traballou de profesor en Lugo e Pontevedra, chegando a ser director do instituto desta cidade durante trinta anos.


Tamén foi alcalde da súa cidade natal e aínda lle quedou tempo para escribir moitos libros sobre a historia, a lingua e os costumes de Galicia.

Este ano 2015 adícaselle o Día das Letras Galegas polo seu labor a prol da cultura e o idioma galego.



Caricatura de Xosé Filgueira realizada polo seu amigo Alfonso Castelao.



A handwritten signature in cursive script that reads "Xosé Filgueira Valverde". The signature is fluid and characteristic of the author.



Capa da obra «Os nenos», de Filgueira Valverde, editada no ano 1923.

ENCrucILLADO

1.- Resolva o encrucillado.



HORIZONTAIS

- 1.- Profesión que tivo Filgueira Valverde no instituto.
- 2.- Función que exerceu no instituto de Pontevedra.
- 3.- Cargo político no que estivo nove anos.
- 4.- Cidade na que traballou.
- 5.- Mes no que naceu Filgueira Valverde.
- 6.- Cidade na que naceu Xosé.
- 7.- Universidade na que estudou.
- 8.- Segundo nome de Xosé Filgueira.
- 9.- Nome da nai de Xosé Filgueira.

- | | | |
|--------------|--------------|----------------|
| 1.- PROFESOR | 2.- DIRECTOR | 3.- ALCALDE |
| 4.- LUGO | 5.- OUTUBRO | 6.- PONTEVEDRA |
| 7.- SANTIAGO | 8.- FERNANDO | 9.- ARACELI |

QUE SABES DE FILGUEIRA VALVERDE?

2.- Escribe ao lado do nome da cidade un destes feitos da vida de Xosé Filgueira.

Naceu Traballou Estudou

PONTEVEDRA →

LUGO →

SANTIAGO →

QUE PALABRA FALTA?

3.- Completa as frases coa palabra axeitada.



Filgueira outubro Araceli médico profesor

Os pais de Filgueira Valverde chamábanse _____ e José María.

Filgueira Valverde naceu no mes de _____ de 1906.

Xosé Fernando _____ Valverde nace na cidade de Pontevedra.

O seu pai era _____ de profesión.

Traballou de _____ de profesor durante moitos anos.

A VIDA DE FILGUEIRA VALVERDE



4.- Colorea a resposta axeitada.

a.- Como se chamaba a nai de Filgueira?

ARACELI

BEGOÑA

ANTÍA

b.- Cal era o nome do pai?

ANTÓN

ADRIÁN

JOSÉ MARÍA

c.- Cal era a profesión do pai?

FONTANEIRO

MÉDICO

PANADEIRO

d.- En que cidade naceu Xosé Filgueira?

BETANZOS

PONTEVEDRA

MALPICA

e.- Cantos anos estivo de alcalde na cidade de Pontevedra?

CORENTA

VINTE E DOUS

NOVE

f.- En que cidade galega pasou algúns anos traballando de profesor?

FERROL

LUGO

OURENSE

g.- En que mes naceu Filgueira Valverde?


OUTUBRO

XANEIRO

XULLO

O CARNÉ DE XOSÉ F. FILGUEIRA VALVERDE

5.- Recorta e completa este carné do Seminario de Estudos Galegos a nome de Filgueira Valverde.

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS		
NOME:	<input type="text"/>	<input type="text"/>
APELIDOS:	<input type="text"/>	
DATA DE NACEMENTO:	<input type="text"/>	
LUGAR DE NACEMENTO:	<input type="text"/>	
SINATURA:	<input type="text"/>	

FILGUEIRA VALVERDE



XOSÉ FERNANDO


PONTEVEDRA



Xosé Filgueira Valverde

28-OUTUBRO-1906


Tiña nogueiras, e figueiras, e cerdeiras, e ameixeiras, e pexegueiros, mais o que daba xenio eran as pereiras e máis as maceiras. Había froita a correr, para nós, para o abade, para os señores, para os veciños, para os pobres,... unha enchente, unha fartura. Endexa-mais do mundo, vin froita coma aquela, tanta e tan clemente, tan doce, tan bonitiña.



Xosé Filgueira Valverde


LEMBRAS O TEXTO?

6.- Que era o que daba xenio? Ordena e escribe.




CORREN AS FROITAS?

7.- No texto de Filgueira Valverde dise que «*había froita a correr*». Que quere dicir o autor? Colorea a resposta correcta.



HAI MOITA FROITA



AS FROITAS VAN CORRENDO

CADA ÁRBORE NO SEU SITIO

8.- Completa este encrucillado co nome das árbores que aparecen no texto de Filgueira Valverde.

NOGUEIRA


FIGUEIRA

CERDEIRA

PEXEGUEIRO

PEREIRA


MACEIRA



PISTA: Busca e coloca a palabra máis longa!

ONDE ESTÁN?

9.- Conta os obxectos e colorea segundo o código.




2 amarelo

3 vermello

4 azul

5 violeta

Que froitas aparecen? Debúxaas.




*Este mes de maio
é o mes das flores
en que os paxariños
nos mostran os seus amores.*

Xosé Filgueira Valverde



AS PARTES DA FLOR


10.- No poema, Xosé Filgueira fala das flores. Poderías colocar o nome de cada parte dunha flor?

pétalos	talo	raíz
pole		folla
<input type="text"/>		<input type="text"/>
<input type="text"/>		<input type="text"/>
		<input type="text"/>

LÉMBRASTE DO POEMA?

11.- Que é o que nos mostran os paxariños?

Os seus



RIMANDO, RIMANDO...

12.- Que palabra do poema rima con «flores»?



13.- Que outras palabras poderían rimar con «flores»?

CORES
AMORES

SANGUÍÑO
PEMENTA

IATE
TEMORES

EQUÍO
ELEFANTE

ACTORES
MOUCHOS


14.- Colorea da mesma cor as parellas de palabras que riman.

rosa

margarida

tulipán

xirasol



florida




pan

col

fermosa

DO OVO AO PAXARO

15.- Como nacen os paxariños? Ordena e colorea.



QUE SE AGOCHA POR AÍ?

16.- Une os puntos seguindo a numeración e descubrirás que se agocha na árbore. Colorea.

